

Núm. 84

Tomo 7.º



# nós



CATILA





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario  
Vicente Risco

Direitor Artístico  
Alfonso R. Castelao

Administrador  
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.  
Fora da Península 8'00 ,  
Número solto 0'70 ,

NOTA

*Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Sonetos de Noriega Varela, traducidos por GUIDO BATTELLI.  
Virxilio en galego, por A. GÓMEZ LEDO.  
A lingüística e o nazionalismo, por J. CANEDO.  
O camiño de Sant'lago, por PHILEAS LEBESQUE.  
Cancioeiro da agulla, por ARMANDO COTARELO VALLEDOR.  
Os homes, os feitos as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encargos

Linares Rivas. 50

A Cruña

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense

Vicente Risco

Abogado





## BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII



Ourense 15 de Nadal do 1930



Núm. 84

*LA CARITÁ*

*Di fiori il cardo e d'ellera tu vesti  
 le rovinate pietre del molino,  
 e le ghirlande del vilucchio appresti  
 all'alta croce lá sovra il cammino.  
 Fedele al motto di Gesú, facesti  
 brillare un astro in cima ad ogni spino,  
 il verde musco alla scogliera desti,  
 e di gioia allegrasti ogni destino.  
 O santa Caritá, fino alle brume  
 dell'aspro verno tu concedi blandi  
 raggi di sole e festa di colori;  
 l'onda incoroni d'un airon di spume,  
 dai piume al nido, e su la siepe spandi  
 bianca una neve d'odorati fiori.*

*LA BRUMA*

*La bruma é una povera cieca  
 che scalza pe'l bosco sen va,  
 si buca alle volte, ma sangue  
 agli aridi spini non dá.  
 Ma lacrime tante. ¡Ché piange  
 qual pianse la notte Gesú,  
 qual piange al mattino l'Aurora  
 con gli astri del cielo lassú.  
 A un raggio di sole ogni lagrima  
 tal fulgida perla divien,  
 che il mare si belle non chiude  
 dell'onde nel cerulo sen.  
 Raccogli le lacrime, figlia,  
 vó farne un diadema per te,  
 che niuna regina mai cinse,  
 che niun gioielliere vendé!*

ANTONIO NORIEGA VARELA

Dou eiquí traducidos dous sonetos do volume «D'o Ermo» do insigne poeta galego A. Noriega Varela, que tanto amor amostra por Italia. Axiña darei á luz un estudo sobre a poesía galega contemporánea, tan chea de tenrura e de beleza.

GUIDO BATTELLI





# VIRXILIO EN GALEGO

POR A. GÓMEZ LEDO

De dous xeitos se poden traducir os crásicos: *perifrasticamente*, atendendo máis a expresal-o sentido que a conserval-as belezas da forma; e *literalmente*, non deixando cousa por cativa que sexa no orixinal. O primeiro é moi doado, e pra xente vulgar o máis asequibre e gustoso. Pro iso non pode henchel todol-os degoros d'un humanista. Unha verdadeira tradución pra iste ,ten de ser coma un vaciado do fondo e da forma, sen requilorios e andromenas, denantes tendendo a síntesis máis que o análisis, suposto que as lingoas primitivas teñen un carauter eminentemente sintético.

Xa se comprende que se s'ha de traducir en verso (i-eu coído que os poetas eisí se deben traducir) non e posibre facel-o en calquera cras de versos, nos que habería que sacrificial-o millor nas aras do máis cativo; o rexo da expresión e do senso, en graza das comenanzas da rima asoballadora. Non hai pois outro romedio que botar mau do verso ceibe ou branco.

Valéndose d'il é coma un pode axeitar a sua lingoa ô orixinal, acadando aquela meirande perfeuzón que sexa posibre, respeitave ô arquetipo que ten un diante.

Tal fixen eu (e prego se me disimule que por ista vez fale de min) traducindo as *Eglogas* de Virxilio. Quizais aínda quedan a grande distanza do ideal proposto e non acadado.

Infundamentes máis dificoiltosas de traducir son as *Xeórxigas*, ás que xa puxen romate e, coa graza de Deus, salirán ments indinas do orixinal, *a meirande fermosura do estilo poético que endexamais se viu no mundo*, asegún dí Menendez e Pelayo.

Confeso que, a pesare da miña devozón pol-o Virxilio, non era eu capaz d'adiviñal-as infindas belezas que s'alcontran sementadas pol-o diviño poema. Creio que non se pode chegar a máis en canto a equilibrio e sereidade, en canto a sentir a nai natureza e facel-a sentir nos demáis, en canto o espírito humán e precristián que no Virxilio, coma en ningún outro poeta antergo, latexa rexamentes.

Parece cousa de miragre que nos cheguen tanto a ialma as vibraciós d'unha natureza insensibre sen voz e cuasi morta. Pro iso débese â taumaturxica do inmenso poeta que, coa variña máxica do seu xenio, arrinca a total-as cousas inanimadas unha fala chea d'armuñías e sentimentalidade que comoven fundamentes os nosos curazós. «Caídas e decotas d'arbres—di o mesmo Menendez e Pelayo—hai nas *Xeórxigas*, que fan sentir e meditar máis que a morte d'algún guerreiro xoven n'unha épica loita; e celos e pasiós de moitos seres humans; e o mesmo intres se toma un pol-as abellas virxilianas, que por unha república traballadora e ben concertada. Fora de que o poeta favorito do



Augusto, fiel às grandes leises da arte descriptiva endexamais esquece a figura humán no fondo da paisaxe...»

Eisí é o poema, en catro libros dividido, qu'eu acabo de tradocir. N'il puxen mais coidado que nas *Eglogas*, pois non de balde me valeu a experenxa d'aquil traballiño, e agardo sen inquedanzas que o aprobarán os intelixentes. Non se me oculta que, aínda sendo iste un traballo escuro e sen grorea; ten meirande importancia pr'a nosa literatura que calquer outro libriño orixinal.

A seguida copio un anaco d'il, onde o poeta fai as gabanzas da vida campesía, ós finais do libro segundo. Prego se cotexe co texto latino que eiquí non poñemos por ser doado atopalo en calquer antoloxía.

#### ELOXIO DA VIDA CAMPESIA

¡Ouh felices de mais se conocesen  
o seu ben os labregos! Pra íles lonxe  
das xenreiras das armas, cisca a terra  
xustísima no chan mantencia facil.  
Pazos ali non hai que po<sup>l</sup>-as portas  
soberbas boten en oleada inxente  
dendes de cedo as áulicas catervas.  
Ali non hai portadas regarnidas  
de cónchigas fermosas que adimiren,  
nin vestiduras rechamantes d'ouros,  
nin bronce de Corinto, nin coloran  
con asirio veneno a lá branquisma,  
nin vician os aceites con perfumes;  
en troques, paz segura e vida ceibe  
d'enganos, rica en toda crás de cousas;  
en troques, folgo por aquiles eidos  
e grutas e lagóas d'auga viva;  
en troques, vals tan frescos coma o Tempe  
è muxidos dos bois, e doces sonos  
botados baixo unha arbre, nunca fallan.  
Ali sotos e cobas onde as feras  
se pillan; e a sofrida xuventude  
afeita a sobriedade; e sacrificzos  
ós deuses; e a vellez santificada.  
Nos campos as pisadas derradeiras  
deu a Xustiza ô se fuxir do mundo.

Pirmeiro e ante todo me reciban  
por vate do seu culto as doces Musas,  
de cuió infindo amor estou ferido;  
elas m'amostren do outo ceo os vieiros  
e as estrelas; do sol os varios cripses  
e da lua as mudanzas; porque causa  
veñen os terremotos, e qué forza  
fai desbordarse o már, escachifados  
os diques, e voltarse logo o leite;  
porque soilo d'inverno o sol se sume  
no mar con tanta presa, ou que demora  
as do vrau noites largas. Mais siescaso  
non me podo expricar istes misterios  
da Natureza porque o sangue frío  
que corre pol-o corpo meu m'o impide,  
goréntenme as campías e as fontelas  
regadoras dos vals; ame eu os sotos  
e os ríos sen que a grorea me desvele.  
¡Quen me dera no campo, xunto o Esperquio,  
e ô pé do monte do Taixeto onde andan  
pregando â Baco as virxes da Laconia!  
¡Quen me levara ós vals do Hemo fresquis-

[mos

e m'amparara embaixo de sombrosa  
follateira! Feliz aquil que poido  
as causas conocer da Natureza  
¡escachizou cos pes todo<sup>l</sup>-os medos  
e o Fado inexorable e o estroncio  
do avarento Aqueronte. Afertunado  
tamén aquil que coneceu somentes  
os dioses campesíos; Pan, o vello  
Silvano e o sangal coro das Ninfas!  
Nin os feixes do pobo, nin a rexia  
púrpura o fai dobrar, nin a discordia  
que irmaus descontra irmaus esfaragulla;  
nin o Dacio que baixa do Istro fero  
nin as cousas románs, nin o desprome  
dos imperios: nin sofre co-as laceirías  
do probe, nin cubiza ô poderoso  
Il os froitos acada que ll'ofercen  
de seu as polas e os frodentes agros;  
e nin xiquera soupo que existisen  
unhas leises de ferro, un Foro tolo  
e as listas do reparto dos trabucos.  
Outrol-os mares iñorados sulcan  
a pôr de rémos e o puñal non deixan,



e ándanse pol-os pazos e limiars dos reises; iste fai un exterminio nas cibdades, sen respetal-os dioses do fogar, pra beber en copa d'ouro e durmir antre púrpuras sidonias; aquí tesouros acobilla e durme deitado n'iles; outro coma un parbo quédase ouvindo o popular tribuno; quen arela os aprausos dos patrizos e dos plebeios que no treatro estoupan; quen se gaba lixado pol-o sangue dos irmaus; ou cambéa co desterro a casa e lar docísimo buscando baixo outro sol outra ca'quera pátreia. Mail-os labregos a pôr do arado espile a terra e d'iste xeito s'emprincipian as labouras do ano, das que sa'en a mantencia da pátreia e a dos netiños, a dos fatos dos bois e a dos xuvencos, merescentes de todo. N'hai folganzas; pois ll'agardan as froitas do ano esgrevío, ou as crías dos gados, ou os feixes da palla cereal, ou s'aculan os regos a cotío, ou xa co peso os hórreos s'abanean. En chegando o inverno hai que esmagal-as aceituñas sicionas no lagar; voltan os porcos finchados das belotas; nos soutelos danse os marogos; todo o chan se cobre de froitos varios outonals, e os acios maduros se recocen nas penedas

ô sol espostos. Antre tanto os fillos queridos se lle colgan e porfian a quen bical-o mais; garda a palloza os seus castos amores e a honradeza; as vacas teñen reventando os tetos de tanto leite, e os cabirtos lucios loitan no ledro prado e s'acometen trabándose das cornas. I] celebra total-as festas, estirando âs anchas nas herbas xunto ó altar, onde arde o fogo, e alí cos compañeiros henche a cunca, e a tí prega, Leneo, mentres liba. Logo porpón un premio antre os pastores a quen millor afite no olmo a frecha, ou xa pr'a agreste loita fai que s'ispan os corpachós robustos. Os sabinos anterros n'outro tempo prauticaron tal xeito de vivir; Rómulo e Remo fixérono igoalmente; e d'iste modo creceu a Etruria forte; eisí de Roma fixeron a mais bela das cibdades que encerrou sete acrópolis n'un muro. Aínda denantes de reinar Dicteio, e de que a xente impía se mantése co-a carne dos xuvencos deco'ados, xa viviu ista vida eiquí na terra o dourado Saturno. Non s'ouviran d'aquela resoar clarís guerreiros, nin crepitar nas forxal-as espadas...

Madri, Nadal 1930

SEGUNDO LIBRO DE  
 COYSES  
 POR CASTELAO

De venda en total-as boas librerías i-en

NÓS - Linares Rivas, 50 - A CRUÑA





*Cata a fonte costureira,  
merla fonte asubiadora...!  
Ten tesouras para a Noite  
e agullíñas para a Aurora...!*

*Cata a fonte costureira!*

*No serán ô Ceu-narciso  
fura o balandrán de estrelas  
na alborada o fío da auga*

*vai cosendo as buratelas.*

*Cata a fonte costureira!*

*Zurceume ben meus amores  
a se espellar no seu cano:  
puxo noos de todo tempo  
en liñas de todo o ano.*

*Cata a fonte costureira!*

*BOUZA-BREY*





# A LINGÜÍSTICA E O NAZONALISMO

POR J. CANEDO

A lingüística indoeuropea é unha ciencia nova relativamente, pouco mais leva qu'un século de vida; mais pol-a firmeza dos seus fundamentos e pol-as suas amplias consecuencias e resultanzas, ten dado luz, non somentes pr'a historia das lingoas mesmas, senon pr'a historia da humanidade, pr'a historia cultural (en cuio período atópase hoxe) e pr'a coñecencia dos pobos. A idea da comparanza das lingoas alargou o campo d'esploración dos lingüistas en col dos primeiros grados lingüísticos hitóricamente investigábeles en tempos prehistóricos descoñecidos. Deitou unha raiola resp'andecente na escuridade da nosa prehistoria, do mesmo xeito qu'alumeou sorprendentemente as orixes dos pobos aryo-europeos e os raicse da sua nacionalidade. Co-ela franqueouse o camiño pra facer outras ouservaciós comparativas, com'a relijió, o dereito, os costumes, a arte, etc, e así crebou pra sempre o isolamento en que s'achaban os pobos.

A aplicaci3n do mentado principio comparativo nas diversas ramas da cultura tiña por fito inmediato tíral-as consecuencias subseguintes e recoller de camiño doadamente o froito. E non era o menor méreto da lingüística o ter levado a atención sobr'as lingoas e os pobos n-un circo mais amplo, que deica entón tiña sido pouco coñecido e ouservado, e ter promovido por elo o seu estudo. O nacionalismo da moderna Europa, ou sexa o esforzo de total-as naciós, aínda das mais

pequenas, por cultival-o seu idioma e o seu folklore respeitivo, por acadal-a sua autoridade políteca e sendo posíbele constituir un propio Estado, atopou naturalmente os seus fundamentos centífecos na ciencia da lingoage, que afondou o concepto do idioma e arriostrou a sua sinificaci3n nacional.

Así n-aquíl tempo rexurdíu o lituano da sua escuridade, o qual achou o primeiro nos nosos días o seu centro n-un Estado especial: a República Lituana. E no mesmo período aconteceu igual c'unha das mais antigas lingoas eslavas, o antigo búlgaro que había chegar a ser despois tan consecuente politicamente.

Tamén as tan difíciles lingoas celtigas, foron propiamente por cousas nacionais un campo d'aitividade pra os ingleses e franceses. O que tiña que ser, pois cada naci3n, por pequena que sexa, quer ter a sua lingua de civilizaci3n, e, acar3n, por eixemplo, do ruso que s'impuxo pol-as greas qu'o fa'an e pol-a importancia e pol-a originalidade da sua literatura, total-as naciós eslavas danse a sua lingua de civilizaci3n particular. D'esta maneira, por frente do checo, do serbio, do croata, do polaco, do búlgaro, todos con vellos timbres de nobreza, están o esloveno, o pequeno ruso (ou ruteno) qu'endejamais tiveron pasado.

O mundo tende a non ter mais qu'unha civilizaci3n; mais os idiomas de civilizaci3n medran en número, e de que cada naci3n



outeña a autonomía que pretende, prevalecendo o sabido principio: «os pobos teñen o dereito de dispôr de sí mesmos» a coñecencia de vinte ou vintecinco idiomas diversos, non vai abondar tan xiquera pra poder seguir a civilización d'Europa.

N-efecto, a gran renacencia dos dialectos céltigos, oprimidos por tanto tempo por ingleses e franceses principalmente, é unha proba evidente d'elo; falándose hoxe o gaélico na metade occidental d'Irlanda, na illa de Man e nas Altas Terras e illas d'Escocia, o galés no País de Gales e o bretón na península francesa d'Armórica, todas elas supervivencias céltigas. Na Edade Meia, tivera Irlanda unha rica literatura, que deu pé pra qu'o actual movemento irlandés pretenda restaural-o emprego do gaélico, que s'atopa de novo en marcha. O Estado libre d'Irlanda, recentemente creado, fixo d'él unha língoa oficial qu'a escola cultiva a carón do inglés. O patriotismo local, no País de Gales mantén do mesmo xeito a usanza do galés, que dend'a Edade Meia ven tendo unha literatura noctubre. E o bretón é aínda a língoa usual dos habitantes da estremidade occidental da Bretaña francesa.

No campo románico, principámente en Francia, cnd'a evolución fora mais aprisa, dend'o tempo de Carlomagno, o pobo já non fala latín. Esta tendencia, na Edade Meia, faise mais crara e espállase pol-os demais países románicos, encomenzando a escribiren nas línguas locais, que se convertíron d'aquela en línguas literarias: francés, provenzal, italiano, español, etc. Istes idiomas qu'estaban calcados sobr'os fundamentos das línguas indígenas, levaban no fondo características notables non latinas, cuías diferenzas déixanse enxergar aínda nos primeiros textos escritos que temos dos tempos do Imperio.

As línguas germánicas siguen relativamente tendencias paralelas coas románicas; perden a sua unidade d'idioma común n-un período anterior â Era cristiana, e resultan

os tres grupos dialectales seguintes: o gótico, o grupo occidental, e o grupo nórdico. Os dous derradeiros viven n-unha serie de nacións modernas c'unha gran literatura e idiomas propios, tanto comúns coma locais. A literatura, por eixemplo, un «dialecto» ten unha plaza importante no alemán de hoxe. Os suizos alemás, mesmo persoas cultas, qu'escriben o alemán común, son fieles ao seu idioma local na vida privada. O yiddisch, dialecto alemán escrito con caracteres hebraicos, consérvano os judeus nas regiós do Este d'Europa, com'un herdamento tradicional. Aínda sendo o alemán unha língoa de rico contido cultural, non pode alargal-o seu dominio n-Europa pol-a resistencia contundente que l'opoñen as nacións balto-eslavas que colleron agora concencia de sí mesmas.

O grupo báltico, cuíes primeiros textos datan do século XVI, comprende o prusiano, o lituano e o leto, que son actualmente as línguas oficiais de Lituania e Letonia, utilizándose dend'a escola elemental hastra a Universidade. Istes pobos tiñan conservado un estado social arcaico com'o seu idioma, qu'é un dos mais antigos entr'os indoeuropeos (*gívas* «vivo», por eixemplo, está mais preto da forma común indoeuropea *guívo-s* «vivo», qu'o sanscrito *jīvas*, ou qu'o latín *vivus*, con ser coñecido literariamente 4000 anos antes). A civilización greco-romana non chegara a eles; iñoraban o cristiánimo. Mais hoxe poseen unha importante literatura popular propia, tanto lituana como letona, e cecais sexan na actualidade, modelos de nacionalismo. Pois aínda en 1914 achábanse estas repúblicas incorporadas ao imperio dos Zares. Os letóns, gentes enérgicas e activas, non precisaron tal-a dominación políteca do seu país, pra eliminaren pobos veciños com'o finnés.

Das línguas eslavas, non falaremos mais que do checo, omitindo as demais: polaco, etc, cuia evolución lingüística e vicisitudes políticas como consecuencia, é de todos coñecida, e que todos permanecen fieles â sua políteca



de división a qual ocasionou a creación d'unha nova lingua literaria, coma é o esloveno, diferente da serbo-croata. O checo, que nos ofrece un cadro composito da influencia lingüística no nacionalismo, é falado hoxe por mais d'oito millóns d'habitantes, incluíndo o eslovaco. A literatura checa comenza cedo, no século XIII. Despois d'un período d'escurecemento, debido á opresión da burocracia dos Habsburgo, tivo no século XIX unha renascencia enérgica; e na actualidade o checo é un idioma provisto do todol-os meios precisos pra unha civilización completa. Orgaiouse o ensino en checo, d'ende a escola elemental hastra a Universidade. A carón da Universidade alemáa qu'eisistía en Praga, foi posta unha Universidade checa, que se converteu n-un centro d'estudios importantes, pruduindo unha élite inteleitual checa. Houbo un movemento nacionalista pra botar fora toda verba exótica, aínda alemáa, qu'eisistía, formando o seu vocabulario asegún a natureza do idioma, empregando, por eixemplo *divaldo* por *teart*, que non ten equivalencia na Europa.

\* \* \*

Eisiste pois, un vencello antr'o idioma d'un pobo e a nación qu'o fala, com'indicaba certo autor: N-un país onde, como no antigo Imperio Austro-Húngaro, había varias nacións, era pol-os diversos idiomas en uso pol-o que s'opuñan estas. E cando querían facer unha estadística das nacións do referido Imperio, non había outras fontes, mais que perguntar a cada habitante qual era a súa fala d'adoito. E d'iste xeito contaban, en Austria, por alemáns, aos que decraraban ter por fala usual o alemán, por checos, os que decraraban ter por idioma habitual o checo e así sucesivamente. Resultando qu'a fala é o primeiro e o mais eficaz dos caracteres pol-os que se distingue unha nación. Ond'hai diferencias de

lingoas, as diferenzas nacionais tenden a existir tamén; e onde falta un sentimento nacional, as diferenzas d'idioma tenden a desaparecer tamén.

Aínda así, onde non eisiste a vontade de formar unha unidade particular, que é o fundamento d'unha nación, a comunidade d'idioma abonda pra fixar unha comunidade de cultura e unha comunidade de sentimentos. E actualmente apenas hai nación que non faga por ter un idioma de seu, ja qu'este dificilmente subsiste onde falta o sentimento nacional.

Non se vaia creer por esto qu'a unidade lingüística leva de cote consigo a unidade política: a idea de que nos tempos prehistóricos, os pobos que tiñan un idioma común indo-europeo, tiveran tamén un goberno común, carece de fundamento, pois a antiga unidade lingüística indo-europea pousaba n-unha unidade de civilización, endejamais n-unha unidade política. En Grecia, diferentemente, onde cada grupo formaba un Estado autóctono, a principios da época histórica ou sexa do século VI ao III antes de Cristo, había case tantos idiomas oficiais coma cidades. E esta mesma tendencia dáse actualmente na Europa, onde rige o concepto de fixación das linguas nacionais. Habían ser os gregos, por tanto, os primeiros en marcar o que había ser o mundo moderno. E así vemos que toda nación que toma conciencia de sí mesma, pretende ter o seu idioma escrito, o seu idioma de cultura propio.

Os ditos: «o idioma é a nacionalidade», «na lingua vive un pobo coma nas murallas vive a cidadanía», teñen eiquí a súa aplicación. Resultando que actualmente, un dos mais eficaces elementos de loita da democracia contra das oligarquías reinantes, é a tendencia a constituir, dentro de cada grupo nacional, unha fala común que lle sirva d'idioma oficial; favorecendo d'iste xeito a democracia o desenrolo das linguas nacionais. Foi por eixemplo o esforzo das clases populares flamengas, o que, loitando contra a indefrencia



das clases altas, consiguen o erguemento da fala vernácula á categoría de lingua oficial.

D'outro xeito, é ben coñecido que difícil é pra un neno recibílo ensino primario n'unha lingua que non é a súa lingua materna, que difire en moito da qu'il emprega cos seus pais.

E asimesmo a esperencia nos enséña qu'un Estado pode funcionar sen ter unha lingua común, e sen qu'o ter mais de unha sexa un

impedimento pra o seu densenrolo progresivo já qu'o pobo ten de cote un comenzo de cultura (úneca accesíbele pra él) no nacionalismo lingüístico; e d'iste comenzo de cultura, tira él tamén a concencia do seu valer. Do qual temos en Suiza un eixemplo patente.

Berlín, Agosto 1930

(Continuaráse)

## O CAMIÑO DE SANT'IAGO

POR PHILEAS LEBESGUE

Botando abaixo con auténticas probas de feito as teorías germánicas da geración espontánea, M. Joseph Bédier amostrou vitoriosamente com'as nosas grandes leendas épicas poideron fro'ecer ao longo dos vieiros da Cristiandade, coma d'un santuario ao outro podentes correntes espirtuás estabreceronse ao achego das pelerinages, e que vencellos misticos junguían na Edade Meia as Galias militantes ao conxunto do mundo incrinado sob'r'a Cruz. *Gesta Dei per Francos!* Pelegríns e cabaleiros d'Oïl deberon, matino eu, volveren abrir os camiños seculares, os do Druidismo e do Orfismo primitivos cecais, pr'aseguraren a unión das almas e botaren longe das terras sagras da Tradición oucidental a ola islámica. Xordas heregias cristiás poideron soñar un instante en por d'acordo a Cruz co Crecente: a Táboa Redonda e o San Graal, os Albigeses, os Templarios, a Diviña Comedia levan o testimonio d'unha acción emprendida a prol d'outra supremacía que non a do Papa. Non por iso fica menos firme qu'a Cabaleiría picarda e flamenga, enrolada con antusiasmo nos grandes camiños da pelerinage, fixo prevalecer ó esprito da Cru-

zada. A arquitectura francesa gótica marcou coas suas fortalezas, as suas abadías, as suas eirejas, as etapes d'esta conquista a un tempo espirtual e militar. Conquista d'unidade, e esta obra por secuencia de convulsións políticas imprevisíbeles, haina que reemprender por inteiro. A sa'vación da Francia pende d'isto unha vez mais. A natureza e a importancia das forzas enfrentadas non variaron moito. Mais iste non é arestora o meu asunto. Díganos somentes que M. André Mabilie de Poncheville, poeta, cristiao, erudito, patriota e católico primeiro sñteu mais podentemente que outros ningún falar en sí o sangue dos abós septentrionás. E resultou pra il unha adiviñazón singular. Historiador, o Istinto da Raza guiou n-il ao creente; nos fastos do pasado soubo il craramente ler e o enigma do presente entregoulle os seus segredos. Qu'un queira ou non seguilo, o qu'il concibeu é a continuidade posíbele d'unha acción e d'unha tradición. A divisa: *Ges Dei per Francos* remprénde a il pol-a súa conta toda inteira. D'eiquí a *Amitié de France et de Flandre* da que foi fundador e que tende a arredar do Germanismo político a aquiles



que en todo tempo teñen sido, conforme ás orixes francas do seu grupo étnico, os sostés da Catolicidade, calquera que fose o ardimento do seu particularismo por fronte á Realeza francesa. D'eiquí o desinio piedoso e poético a un tempo de volver coller a alforja e o bordón simbólicos e volver pisal-os camiños dos pe'ingrins d'outrora, volver atopal-os vestigios da Francia de hespital en hespital e de santuario en santuario, pol-o *Camíño de Roma*, e pol-o de *Sant Iago de Compostela*, agardando poder chegar deica Jerusalem. Ja non atopa pe'egrins; mais, como Dante, ben sabe que os hai de tres sortes: os *pal'mieri* ou portadores de palmas que van a Ultramar, os Romeiros que van a Roma e os pe'egrins que van a Galiza. As tres rutas qu'iles s'aprican a seguiren son com'os tres grandes rios da Cristiandade. Un Péladan dirá qu'os *pal'miere son* Johannitas, os Romeiros Fideles d'Amor, e os pe'egrins de Galiza Albigense Indica il por iso mesmo cales heregías houberan podido rachar irremediabilmente a grande unidade católica e qu'ardente cruzada houbo que seguir pra mantelo, estando cada santuario encarregado non embargante d'a-coller certas categorías d'almas. Atal foi especialmente o de Sant'Iago. No prólogo do belo libro onde M. de Poncheville nos refire pintorescamente todo o qu'as suas pasadas chegaron a erguer d'história e de leenda ao longo do camiño sagro, todo o qu'os seus ollos lle deprenderon enco' da face das cousas e das gentes, convén ler e meditar *Le Tombeau de Saint Jacques*, que ten o espren-dor verbal d'un verdadeiro poema en prosa, e que é a chave da obra toda.

A Galiza leva nas suas armas un cálice radiante, un Graal arrodeado d'un setenario d'estrelas. Símbolo con seguranza. En Galiza, no fondo do golfo que leva ao Campo da Estrela (*Campus Stellae*, Compostela), había un punto d'escala onde dend'os tempos minoanos pousaban os barcos qu'iban dende Creta á América pol-as Colunas d'Ercoles. Por isto, partidos de Jaffa, os sete homes que

levaban no seu barco o cada'eito de cedro do Apóstolo Jacobo, seguindo a ruta prehistórica dos Fenicios, metéronse unha noite no esteiro ond'as augas da Ulla mistúranse co-as do Sar e viñeron dar co-a sua nao perto d'unha estatua de Neptuno, resto probábe'le dos mais antigos cultos atlánticos e posidónicos. Galegos de nacencia, os sete homes queren qu'a terra ancestral garde as reliquias do Santo que primeiro lles trouxo a Boa Nova. Jacobo era tan achegado parente de Jesús qu'algús chamábanlle seu irmau. De vivo fixera a viaxe á Hespaña e tomara espiritualmente posesión da místeca Hesperia que os seus sucesores evangelizaron. Por isto a Hesperia debía recibí-lo seu corpo com'unha semente. Os Discípulos desembarcan o sarcófago e póneno nun carro que obteñen permiso de junguir dous touros sagrados. A Raiña Lupa convírtese a primeira. A Comunidade druídica compon co-a nova fé ningún de cuos principios esenciais contradí sen dúbida a sua propia doutrina. Sobre do santo Outeiro de cume cinguido d'un muro de pedra seca, coma no monte Santa Odila d'Asacia, os primeiros cristiaos de Galiza júntanse arredor da tumba de Sant'Iago. Mail-as guerras d'invasión arrasan o país, a tumba desaparece baixo do mato, os cristiaos son esparexidos, o Islam rube car'ao Norte. Despois recua. D'aquela, o ermitaño Payo vense estabrecer non longe do lugar onde repousa o Santo esquecido. O ermitaño vé aparecer no ceo, por riba da sepultura unha estrela e sobrenaturás crareiras. O bispo Teodomiro fai rozar o mato e sachar na terra. Descóbrese o sepulcro. O Santo recobra o seu culto. Alfonso o Casto bota aixiña os cimentos da basílica: os canteiros das Galias veñen traballar a ela e a pelerinaxe da Francia orgaízase. Do Puy, onde reina a Virge Negra, de Tours, de Vézelay, tres vieiros levan pra Roncesvales onde vaise elabora-la *Chanson de Roland*, obra suma francesa da epopea cristiáa. En *Puente-la-Reina*, alén dos Pirineus, juntanse os tres agrupa-



mentos de pe'egrins. E isto por espazo de séculos.

M. de Poncheville revive detalle por de'alle iste comovente pasado de fé e de esforzo. Puña por resucita-la esenza do acordo cristiao antre Francia e Hespaña, crebado po'-as guerras do século XVI. O camiño de Sant'Iago está abandoado. Podería unha nova padricación emprendida a prol da grandeza da Francia e da Cristiandade, volvelo facer co-ller? Esta pregunta faina seguramente M. de Poncheville con certa anguria. Nós compartimos esta anguria e ademiramos ao tempo que o seu grande talento d'escritor, a fé generosa que o anima.

Mail-as solucións de salvamento poden ser diferentes das qu'il magina; porque pra des cobril-o segredo dos fados que nos agardan, cumpriría coñecer a fondo o misteiro das al-mas. Non emporiso deixa de ficar en pé que a unidade do mundo oucidental é asunto de camiños, é dicir, de correntes espirituás par-tindo de Francia ou levando a ela. N-isto, M. de Poncheville é mais que un historiador católico, é un vidente.

*Finis Galliae* é unha blasfemia.

(Publicado en *L'Esprit français*, de Paris, e trad. por V. R.)

# CANCIOEIRO DA AGULLA

ENXERGADO CON DOAS DO POBO

POR ARMANDO COTARELO VALLEDOR

(Proseguimento)

20 Costureira melindrosa,  
lévame os bois a beber;  
irás, virás a fontaña,  
volverásmos a tragar.

Outro pique contra a fidalguía das costu-reiras. Relaciónase co núm. 16.

Costureiriña bonita  
... ..  
pol-a nai que te pariu

Malpica

21 Costureira non-a quero,  
se ma dan, créllome dela;  
canto barredoiro hai  
anda falando con elas.

Cántiga tan conocida como desfogada. Ten variantes brutales.

se ma dan vóume a xusticia,  
anda deitando consigo  
canto pillo ten Galicia.

A Cruña

anda deitando consigo  
canto pillo ten a terra.

Abegondo

canto vagamundo hai  
dorme na cama con ela.

Abegondo

se ma dan ríome dela,  
canto pillo hai no lugar  
fala no adro con ela.

Parga

22 Costureira non-a quero  
se ma dan, créllome dela;  
pasan muitas noites fora  
non sei onde dormen n-elas.



Outra copra demasiado picante parecida a anterior.

Tamén dormen fora os xastres. Ver o núm. 5.

que andan muitas noites fora non sei quen durme con elas.

Foz

23 Costureira non-a quero, tecelana xa ma dan, quero unha labradoriña que me faga pol-o pan.

Cántiga famosa. Despique das mozas labregas contra o señorío das suas temidas rivales.

teñen as pernas torcidas de estar a carón do chan.

A Cruña

a filla de un labrador sabe traballar o pan.

Betanzos

quéroche unha labradora

Arzúa

tecelana non ma dan, a filla de un labrador téñoa na palma de man.

Ourens

24 Costureira, pan no cribo; tecelana, no tear; zapateiro, pote cheo; Xastre, tixola no lar.

Cántiga famosa, mui repetida. Xastre, co-a sartén no lar.

A Cruña

tecedeira, no tear; pr-o ferreiro, pote cheo; pr-o xastre, tixola o lar.

Ortigueira

tecelana, pan no tear; carpinteiro, mesa posta; canteiro, ponte no lar.

Ulla

zapateiro, o pote cheo; xastre, tixola o lar.

Ourens

25 Costureira señorita que dís que te queima o sol, a cortiza está barata farémosche un quitasol.

Sátira fina asemella o núm. 9. Costureira finiquita

Ulla

26 Costureiriña aseñoritada leva as agullas no peito chantadas; ivíache o diaño, roxiña do pelo! ¿para qué queres ese agulleteiro?

Inédita?

Notable pol-o metro de muiñeira. Costureiriña costureirada

Arzúa

27 Costureiriña bonita a aquel pazo foi coser e no medio da escaleira xa lle deron que facer.

Outra cántiga mui famosa pol-a sua gran entención.

que o palacio vas coser no medio do corredor logo che dan que facer.

A Cruña

se o palacio vas coser conta que a medio camiño háche sobrar que coser.

Betanzos

a palacio vas coser e na primeira escaleira xa che deron que facer.

Pravio

a palacio vai coser e na primeira escaleira

Ourens

28 Costureiriña bonita, bonitiña costureira,



o día que te non vexo  
hastra me caí a monteira.

Se total-as frores que lles embrocan as costureiras son como esta, mal se comprenden suas condescendencias.

o día que non te vexo

Ordes

29 Costureiriña bonita,  
dáme acá das tuas agullas,  
eu che darei alfinetes  
para prender as costuras.

Cántiga mui sabida que hastra se pode su-  
poñer na boca de un xastre.

dáme das tuas agullas  
que eu che darei alfileres

A Cruña

dáme das tuas agullas

Santiago

Costureira melindrosa  
díme das tuas agullas  
que eu che darei alfileres

Ourens

30 —Costureiriña bonita  
díme donde fas o niño.  
—Na carballeira da Illana  
no mais alto carballiño.

Illana, lugar do auntamento de Curtís, famoso por unha feira que alí hai.

Paresce encobrir alegantemente esta copra a segunda entención de calar a vivenda, tópicos nos primeiros parrafeos das moceñas aldeans cos mozos desconocidos. Cántanse outras, de que esta é lembranza, co mesmo final.

díme donde tes o niño.

—Nun carballo da Illana

Abegondo

31 —Costureiriña bonita  
¿donde perdiche o dedal?  
—No turreiro da Penela  
cando fun onte a beilar.

Santiago de Penela, auntamento de Cartelle, partido de Celanova.

Aseméllase os núms. 12 e 25. O dedal da costureira é, naturalmente, un tópicosimbólico nestes contos.

donde alá me vou pasear

Ourens

32 Costureiriña bonita  
eu non-a quixera ser,  
que a mazán coloradiña  
todos a queren comer.

Craro que esta copra non foi discurrida por ningunha costureira. O que non se consola é porque non quere. Fai como o caso da raposa e as uvas: están verdes.

que as periñas de maduras

Ordes

33 Costureiriña bonita  
fáime a camisa ben feita  
c-un caravel encarnado  
n-o puño da man dereita.

Cousa tan repinicada por forza debería pedir moitas vesitas do parroquiano a o obrador.

Costureiriña pequena

Parga

34 Costureiriña bonita  
o teu amor acabouse;  
era de papel sellado,  
caeu no río e mollouse.

Semella o núm. 65.

O detale do *papel selado* é mui sinificativo. Así como as costureiras son, ou aparentan ser, medio señoritas, así gustan de recadar noivos aseñoritados, esquirbentes de auntamento, percuradores, xusticias, etc.

Cantar mui sabido



- 35 —Costureiriña bonita  
 ¿onde deixache o dedal?  
 —No poleiro das galiñas  
 na raya de Portugal.

Asomellante e infruída pol-os núms. 12, 31 e 39.

O pobo recreábase en asociar as palabras *costureiras* e *galiñas*; xa se entende por qué. Ver tamén a seguinte.

¿onde tes o teu dedal?

Arzúa

- 36 —Costureiriña bonita  
 dime onde tes a tua cama  
 —No poleiro das galiñas  
 nunha presiña de palla.

Sempre sátira e sátira que morde. Ver os núms. 30 e 35.

¿onde tes a tua cama?

A Cruña

dime ¿onde tes a cama?

Foz

- 37 Costureiriña bonita,  
 pitisqueira no comer,  
 váite a casa de teus pais  
 que eu non te acerto a manter.

Outro detalle ben ouservado: os mexiriques das *costureiras* melindrosas na hora do xanta. Ver o núm. 19.

delicada no comer  
 váite pra cas de teu amo.

A Cruña

delicada no comer

Ourens

- 38 Costureiriña bonita,  
 tecelana regalada,  
 entrache o sol pol-a porta,  
 o luar pol-a ventana.

Alude a semellanza entre tecelanas e *costureiras*, mais aínda que por razón de oficio,

pol-o caráuter e vida das mulleres que os siguen.

pásache o sol pol-a porta

Ourens

- 39 Costureiriña bonita  
 volve pol-o devantal  
 que cho levan de bandeira  
 na raya de Portugal.

Semella pol-a alusión, ô núm. 35.  
 que che queda de bandeira

A Cruña

- 40 Costureiriña doada,  
 bonitiña costureira,  
 como xa te queren tantos  
 non haberá quen te queira.

Inédita?

Lindo cantar con xogo de palabras, cousa non mui común na musa campesiña.

Costureiriña bonita

Arzúa

- 41 —Costureiriña roxiña,  
 dime que nome che dan  
 —Chámanme Adega, Adeguiña,  
 pr-o que me queiran mandar.

Inédita?

Cantar dino referinte a moineiría das *costureiras* finiquitas.

—Chámame Adeguiña

Ordes

- 42 Dios llo pague a miña nai  
 que me puxo a costureira;  
 ven a chuvia e non me molla,  
 ven o sol e non me queima.

Cántiga famosa; cántiga crásica. Por ela adoitan escomezar as *costureiras* suas tandas de cantares, pois, según Lamas Carvajal,



e «a cántiga sacramental do gremio.»  
ven a auga e non me molla,

A Cruña

Viva muito miña nai

Foz

Fixo mui ben miña nai  
en poñerme a costureira;

Ourens

deprenderme a costureira

Ourens

Bendito sea meu pai  
que me meteu costureira,  
cando chove non me molla  
cando vai o sol non me queima.

Entrimo

43 Ela é costureira,  
e como é tan ladra  
non hai quen-a queira.

Mui curiosa pol-a forma de triada e por  
ser a única do Cancioeiro que motella de la-  
dras as costureiras. O pobo coida que o son,  
sobre todo de vellas, de liñas, retallos, tesou-  
ras e outras purreladas pol-o estilo.

Elisa é costureira

Cambados

44 Estes xastriños de agora  
tallan a roupa a pintar;  
si meu home fora xastre  
iqué gañana había de andar!

Velahí a mellor axuda que teñen os xas-  
tres nas suas rabasadas amorosas: a coque-  
teiría mulleril, universal e costante.

Todo-os xastres de agora  
fan a roupiña a pintar;  
si eu fora muller de un xastre  
iqué guapa che había de andar!

Abegondo

a roupa fan a pintar

.....

mui guapa che había de andar.

Betanzos

45 Eu caséime con un xastre  
iogallá que non casara!  
todo o dote que me dou  
foi unha capa de sarna.

Inda perdura nalgunhas aldeas a sona de  
sarnosos contra os xastres. Ver os núms. 5,  
47 e 56.

mellor fora non casara

Arzúa

46 Eu das costureiras  
teño de contar  
que veñen-a misa  
por non traballar.

Curiosa pol-o metro, a así como pol-a ouser-  
vación, quizaves esauta.

que van para a misa

A Cruña

47 Fuches casar con un xastre,  
lanque non houbera homes!,  
que cando vai ô turreiro  
chámanlle «Remenda foles».

Enlázase c-os núms. 5, 45 e 56.

que cando vas pol-a calle

Ourens

48 Indo por Oseiro arriba  
todos eran a mirar  
—Aqui non van costureiras  
nin pano para cortar.

San Tirso de Oseiro, aldea da Cruña.

Alude as marmuracións que soerguen as  
costureiras.

49 Xastre, quéroche un recado,  
e mais non é de coser,  
a cinta de namorare  
íde qué cor terá de ser?

Semella a seguinte e mais o núm. 99. Por



elas se indica o conceuto que de salidos teñen os xastres.

Xastre quéroche unha cousa

Pravío

¿de qué co'or ha de ser?

Ourens

50 Xastre, quéroche un recado,  
e mais non-é de costura,  
que che quero preguntare  
se o mal de amores ten cura

Poida que pras raparigas namoradas, como esta que pregunta, non seyan os xastres da aldea os mellores conselleiros.

Xastre, dígoche unha cousa

... ..  
que che veño preguntare

Pravío

51 Xastre, xastre, camisa rachada  
o c... che cosiron con sete puntadas.  
Xastre, xastre, fáime unha monteira  
iqué o demo te arrastre por unha sil-  
[veira!

Inédita?

Esta chuscada teño oído moitas veces de pequeno e tamén con variante de peor gusto e olfato no primeiro verso.

Xastre, xastre, camisa c...

Ribadeo

52 Xastre, xastre, fozón e larpeiro,  
dácame as sobras do meu terzopelo;  
farásme un mantelo e duas manteli-  
[ñas,  
lérgate o demo dos pelos pra arriba!

Inédita?

Interesante, como a anterior, pol-o metro de muiñeira:

lévete o demo dos pelos pra arriba

Ribadeo

53 Xastre, xastre,  
o demo te arrastre;  
que chova, que neve,  
para alá te leve,

Inédita?

Cántiga de rapaces

que neve  
o demo te leve

Ribadeo

54 —Mégras ou ovos, xastriño,  
¿qué merenda quer mellor?  
—Deme logo, miña dona,  
tortelliña de xamón.

Inédita?

Versificación de un conto de xastres ben conocido.

Xastre, ¿magriñas ou ovos?

Barreiros

55 Ma'la xesta barredoira  
veña pol-as costureiras,  
porque comen as amoras  
e destragan as silveiras.

Cántiga mui conocida e mui cantada, inda que non-o mereza.

Mala morte mate a morte  
se ven pol-as costureiras

A Cruña

comen as amoras todas  
e os gomos das silveiras.

Betanzos

Mala morte matadoira  
... ..  
que comeron as amoras  
e secaron as silveiras.

Arzúa

e fan secar as silveiras.

Parga

56 Mellor fora ser pereira  
e dar peras e reperas,



que non ser muller de un xastre  
que non ten senón guedellas.

puntada cal sempre e facer todo ben.  
Sarria

Copra mui popular.

Ver os núms. 45 e 47.

e todo o ano dar peras

Abegondo

e dar peras no Outono

.....

morriña e cara de sono

Betanzos

Mais quixera ser pereira

Ourens

57 Na casa do rico, que fai mala vida,  
puntada de a furco e acabar axiña;  
na casa do probe, que dá do que ten,  
puntadiña curta e apertala ben.

58 Na miña vida che vín  
o que vín hoxe na feira:  
ivintecinco xastres xuntos  
pra facer unha monteira!

Graciosa copra.

Enlázase cos núms. 74, 78, 82 e 101

Pasei a ponte do Burgo,  
paséina nunha carreira,  
quedan vintecinco xastres  
cosendo nunha monteira.

Elviña

Si tí víras o que eu vin  
de trás de unha carballeira

Betanzos

Na miña vida vin  
o que vin n-aque'a feira  
.....  
facendo unha monteira.

Santiago

Mui interesante cantar en metro de mui-  
neira, graciosa entención e brillante desem-  
peno.

puntada larga e acabar axiña

.....

puntada miúda e apertala ben.

Arzúa

(Continuaráse)

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### LIBROS

CARTONES DE BURGOS, por Xaime Prada; Comentarios de Eduardo de Ontañón, Ediciones Parábola, 1930.

O noso co'aborador Xaime Prada fixo esta plaquette de seis deseños de Burgos, comentados polo escritor Eduardo de Ontañón «Cada ciudad—di iste—tiene al menos, dos aspectos. El uno general, fácil, turístico. El otro recatado, pequeño, oscurecido. Uno de monumento alto y piedra tallada. Otro de rincón sombrío y pintoresco. Uno de tarjeta

postal. Otro de «cartón» de dibujante, de nota en cuaderno de cronista». Iste segundo é o que Xaime Prada, coa mais completa identificación cos temas, de cuia espresión adonouse e atinou a dar n-estas planchas na sua verdade real e artística, con «escalofrio—grato—de vieja litografía». Pra esta demostración de Burgos esquecido, juntáronse dous bós intérpretes: o plástico e o verbal. Os deseños son moi novos e moi románticos. As verbas son moi limpas e moi pintorescas. Pra que se vexa que todo pode ser. E que todo está ben, por obra de quen sabe facelo. Eixemplo, Eduardo de Ontañón e Xaime Prada.



## REVISTAS

BROTERIA, Outubro, 1930.

**S**UMARIO: *A actualidade de Belarmino*, Serafin Leite.—*O cinquentenario da escola laica em França*, Domingos Mauricio.—*Nas estradas aéreas*, M. P. de Portocorrero.—*O Puy de Dôme (França)*, J. S. Tavares.—*Pelo Brasil*, Soares d'Azevedo.—*Revista de Revistas*.—*Subsídios para o Vocabulário Português*, J. Serafin Gomes.—*Notas bibliográficas*.—*Obras recibidas na Redacção*.—*Efemérides*.

Novembro, 1930.

**S**UMARIO: *A Crise da Família*, Luis G. da Fonseca.—*Sob o signo do nacionalismo*, Serafin Leite.—*Nódas da nossa legislação*, C. Z. Pinto Coelho.—*A noção formal do número*, Julião Pécantet.—*Das origens da poesia lírica em Portugal na Idade Média* por M. R. Lapa, Riba Leça.—*Deveres negativos do clero*, E. Jombart.—*Pelo Brasil*, Soares d'Azevedo.—*Subsídios para o Vocabulário Português*, J. Serafin Gomes.—*Revista de Revistas*.—*Notas bibliográficas*.—*Obras recibidas na Redacção*.—*Efemérides*.

O INSTITUTO, 4.<sup>a</sup> Série, vol. 9.<sup>o</sup> núm.2.

**S**UMARIO: *Tres cartas de Herculano*, por Amadeu Ferraz de Carvalho.—*Os estudos germânicos em Portugal*, por L. Saavedra Machado.—*A religião grega*, por Agostinho da Silva.—*Comentarios de Antonio do Couto Castelo Branco sobre as campanhas de 1706 e 1707 em Espanha*, por Gastão de Melo de Matos.—*Subsídios para a historia da musica em Portugal*, por Sousa Viterbo.—*Compromiso do Hospital das Caldas dado pela Rainha D. Leonor sua fundadora em 1512*, por Fernando Correia.—*Ensaio sobre os latinismos dos «Lusiadas»*, por C. E. Corrêa da Silva.—*Gomes Freire de Andrade*, por João Jardim de Vihena.

AN OALED, Carhaix, 3.<sup>o</sup> trimestre 1930.

**S**OMMAIRE: *Gorsedd Sant-Nikolás-ar-Pelem*.—*Eur Skolaê breizad*, gant Taldir.—*Pipi'n Heri ha Kato Ravet*, gant Berthou.—*Louzeier Pougasnou*, gant Zoe ar Bourdonnek.—*Une amourette de Heros*, par le

Dr. Dubois.—*L'Abbé Joachim Guillôme*, par l'Abbé Le Goff.—*Le Porc dans la Légende dorée des Celtes*, par Le Berre (Ab Alor).—*Vo'ney chez les bretons*, par Jacques Pohier.—*Les curiosités de l'Armoirial*, par Louis Le Guennec.—*Impressions d'un soldat breton au Maroc*.—*Les Vedettes de chez nous*, par Lagadec.—*Importation du Binou écossais*.—*Ar Pevar Mad Emon*.—*Les ailes qui se brisent*, poesie, par Abgrall.—*Echas et Nouvelles d'actualité celtique*.—*Bibliographie*.—*Carnet*.

4.<sup>a</sup> trimestre 1930.

**S**OMMAIRE: *Le Gorsedd du Pelem*.—*Gwest'ou ar Gorsedd*.—*Ar Skritellou lavaret*, gant: Ab alor, Gwenfrewi, Ab Sulio, Bleiz Gouez, Mac Alister Moffat-Pender, Pintik Pagan, Telen Aour, etc. *Lizerou*, gant Ar C'Ham ha Bachellery.—*Ijin ha Nerz*, gant Hervé Ar Menn.—*Daou Soner Lanndevant*, gant Taldir.—*Le Porc dans la Légende dorée celtes*, par Le Barre.—*Le Renouveau Gascon*, par Michel Camelat.—*Les Fêtes nationales de l'Ete á Kerwasdoné*, Guiscriff, Quimper, Bohars, Mellac, Quimperlé, Crozou; Guingamps, Saint Brieuç, Cleder.—*Bibliographie*.—*Carnet*.

L'ALLIANCE LITTÉRAIRE, Paris, Octobre 1930 núm. 1. Directeur, Alexandre Mercereau.—Editeur, E. Figuière.

**S**OMMAIRE: Alexandre Mercereau: *Faut-il rétablir la Censura?*.—M. Batilliat, *Gustave Kahn*.—Gustave Kahn, *Temps Gris*.—Dr. Louis Estève, *L'Ecole du Bonheur*.—Eugène Figuière, *Un Mot sur l'Ambition*.—Marie-Leopo'd Lacour, *Carlos Larronde*.—L. Barbedette, *Raymond Offner*.—M. Maurice Prevost, *M. Moro-Giafferi*.—Alexandre Mercereau, *François Kupka*.—*Rey Andreu*.—*La Société des Grateurs et Conférenciers*.—*Varietés*.—*A travers les Lettres et les Arts*.—*Vanderlugt et le Monde Nouveau*. *Les Périodiques*. *Livres reçus*.

REVISTA DE CATALUNYA  
Setembre, 1930.

**S**UMARI: *Represa*, Ferran Soldavia.—*Narcis Oller*, Carles Capdevià.—*Qué valen les minories nacionals*, Joan Estelrich.—*La*



*tragédia intelectual de Catalunya*, Agustí Escclasans.—*Les meves tres millors poesies*, Josep Carner.—*Nótules*.—*Crónicas* (Política catalana, Política internacional, Economía, Les Arts plásticas, El Teatre, La Música, El Cinema, La Cultura física, L'etra de Mallorca).—*Els llibres*.—*Documents*.—*Periòdics i Revistas*.

SUDETENDEUTSCHE ZEITSCHRIFT  
FÜR VOLKSKUNDE, hrsg von  
Dr. Gustav Jungbauer, Prag,  
1930, 5. Heft.

**I**NHALTSVERZEICHNIS: *Emil Lehmann*. Zum 50. Geburtstag.—Dr. Rudolf Kubittschek, *Das Gedächtnis des Volkes*.—Dr. Gustav Jungbauer, *Sprachinselvolkskunde*.—Franz Breiner, *Kleine Beiträge zum südmährischen Hochzeitsbrauch*.—Alfred Karasek-Langer, *Die Wunderlampe. Märchen aus Ober-Turtz in der Kremnitzer Sprachinsel*.—Petr Bogatyrev, *Die Bräuche und der Aberglaube bei dem Bau eines Hauses in Karpatenrussland*.—*Kleine Mitteilungen*.—*Atlas der deutschen Volkskunde*.—*Antworten*.—*Umfragen*.—*Besprechungen*.

ALAS. núm. 6, Montevideo.

**C**ONTÉN intresantes notas e artigos de pedagogía.—Julio R. Barcos: *El surgimiento de los valores posibles*.—*Glosas a propósito de Gabriela Mistral*.—C. A. Garibaldi: *Unamuno en España*.—Poemas de Jules Supervielle: *Saisir*.—*L'autre Amérique*.—Poemas de Sabat Ercaasty e C. A. Garibaldi: *Nietzsche: La canción de la noche*.—Sofía Freire: *Impresiones sobre la «Tempestad»*.—*Critica*.—*Bibliografía*.—*Reflexiones*.—*Noticario*.

TAULA DE LLETRES VALENCIANES,  
Valencia.

**S**EMPRE recibimos con amor ista xurdia publicación mediterránea e moderna, fonda eispreseon d'unha patrea. Sumario do número de Sant-Iago: *La Redacción: Als scriptors valencians i a les publicacions valencianes*.—E. F. *A propòsit d'un llibre i una enquesta*.—Carles Salvador: *Records de l'Escola d'Estiu*.—Mateu i Llopis: *Un encent de València*.—E. Segarra: *Idees sobre la nostra arquitectura contemporánea*.—El Reporter:

*Una entrevista amb les homes de Nostra Novela*.—Almela i Vives: *Llorer sempre llorer*.—*Notes*.—*Bibliografía*.

CELTIGA. Número do Día da Galiza, 1930.

**A**s millores firmas da Galiza—os d'eiquí e os d'alá, cinguidos na mesma arela—enchen a xurdia contrebución con qu'a valente e fina *Celtiga* sauda â mañán simbóleca do novo Día.

CARTEL, Montevideo.

**S**IGUE eisprorador e coscente o timón na máñ esperimentada do poeta Sigüenza. Sinalase no número de Xulio un artigo de Euxenio Montes: *La ideología de Scheler*.

EUSKO, Ykaskuntza'ren (Sociedad de Estudios Vascos).

**A**DEMAIS do intresantisimo Boletín publica os cadernos do Eusko—Folklore, contos e lendas; o fermoso conto: *O asno, o cán, o gato, o galo i-o carneiro*.—*O toro de marzal e O lobiño e mail'o macho*, diálogo cantado cuia música recolleu o Sr. Sarasua.

SEARA NOVA, Revista de doutrina e critica.

**S**IGUEN cheas de vida—moderna, portuguesa, inqueda—as libraciós d'ista revista, nosa amiga.

A NOVA TERRA. A Cruña.

**O** *Idearium* das Irmandás da Fala que ningún galego debía iñorar pois nas suas follas latexa o mais ceibe esprito da nosa Galiza.

PRINCIPIO, cultura e política.  
Porto. núm. 4

**S**UMARIO: João Gaspar Simões: *Da cultura e da erudição*.—A. Ribeiro: *Liberalismo*.—José Regio: *Do ensino do português*.—Casais Monteiro: *A propósito da tempestade na Ásia*.—Idem: *A deformação dos espíritos*.

Imp. NOS, Linares Rivas 50, A Cruña.



Apareceu o volume I da "Biblioteca Murguía"

## DE ESTO Y DE LO OTRO

por Roberto Blanco Torres.

Pedidos a NÓS - Linares Rivas, 50 - A CRUÑA

### FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos  
**Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Drogueria e Farmacia

**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todol-os estabreci-  
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

**BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE**

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

# Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina** y **D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moí cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno





**A hixiene dos nenos**  
 é a garantía da súa saúde física e  
 moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o  
**“Jabón Sales de la Toja”**,  
 único que ás súas altas calidades  
 meiciñás xunta toda a finura e pre-  
 fume d'un xabón de tocador.

Contribuie ô perfecto des-  
 enrolo das criaturas e evi-  
 ta o perigo da escrófula e  
 o raquitismo.



**JABÓN**  
**LA TOJA**  
 ÚNICO EN EL MUNDO



HELIO'S

**O Xabrón da Toxa**  
**é o mellor.**  
**Honra á Galicia no**  
**mundo enteiro**



Riador 27-dup. 2º



AGUAS DE  
**MONDARIZ**

FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas las  
Boticas, Droguerías,  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagos-camas de  
todol-os três.

Estas augas, de sona universal son  
o remedio enxebre e eficacísimo  
cand'un quer combater o Artritismo,  
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades  
diversas, doenzas do Aparello diges-  
tivo, Anemia e Neurastenia.

**Riquísima auga de mesa**

===== gaseada naturalmente =====

**Mondariz-Baneario, áchase á de 35 Km. Vigo**